



# Federación Galega de Atletismo

## XUÍZ ÚNICO DE COMPETICIÓN

### RESPOSTA Á RECLAMACIÓN DO ORGANIZADOR DA MEDIA MARATÓN DE VIGO: 12 de Maio de 2013

Julio Santiago Freijanes, con DNI número 32821026A, en calidade de Xuíz Único, órgano de funcionamento da Federación Galega de Atletismo segundo indica o artigo 11º dos actuais estatutos federativos, aprobados pola Asemblea Xeral e refrendados pola Xunta de Galicia no ano 2013, tras a adaptación dos mesmos ao texto da nova Ley Xeral do Deporte de Galicia (Lei, 3/2012), en relación á reclamación recibida, indica:

#### ANTECEDENTES DOS FEITOS

O Xuíz Árbitro da Media Maratón de Vigo, disputada o pasado 12 de maio de 2013, competición incluída no calendario autonómico oficial, descalifica a 87 atletas argumentando a aplicación do artigo 144.2.b da IAAF e procedendo, en consecuencia, a súa exclusión dos resultados oficiais. A Federación Galega de Atletismo, a través do seu Comité Galego de Xuíces, recibe reclamación por escrito do organizador solicitando a recalificación dos atletas. Invócase na mesma os acordos xerais de unificación de criterios publicados por parte do Comité Nacional de Xuíces nos que se indica que “*ante la imposibilidad de ser ecuanímenes, NO se descalificará por este hecho*”. Considerando que na citada Media Maratón non se constituíu o Xurado de Apelación, por non estar previsto por parte do Comité Galego de Xuíces nese evento, a Federación Galega de Atletismo, dando trámite ao expediente, presentou dita reclamación ao Xuíz Único ou de Competición (denominación dos estatutos anteriores). A reclamación do organizador admítase como un conflito derivado da mera interpretación das normas que regulan as competicións oficiais de atletismo e non como un conflito de disciplina deportiva.

#### RESOLVE

O Xuíz Único ou de Competición, despois de analizar o informe do Xuíz Árbitro; a análise das probas adxuntadas polo organizador; a normativa do artigo 144.2.b da Federación Internacional; as diversas circulares do Comité Nacional de Xuíces sobre a interpretación e unificación de criterios deste artigo; a consulta formulada á Presidencia do Comité Galego de Xuíces e mesmo o ámbito e carácter da competición, integrada na meirande parte dos casos por atletas populares, **resolve: recalificar a todos os participantes excluídos polo Xuíz**



# Federación Galega de Atletismo

**Árbitro nos resultados oficiais en base a aplicación do artigo 144.2b.**  
Xustifica a súa decisión en base aos seguintes argumentos:

1. Non queda acreditado que os 87 atletas descalificados foran advertidos durante o transcurso da carreira previamente, polo que non se actuou conforme ao establecido pola Federación Internacional de Atletismo no artigo 144.2 que indica que *“Cualquier atleta que reciba (.../...) asistencia desde dentro del área de competición durante una prueba **será advertido por el Juez Árbitro y avisado que si ello se repite, será descalificado de la prueba**”*. Dita esixencia é moi clara na normativa da IAAF e con esta actuación estase privando das garantías as que teñen dereito os corredores. O feito de que se informe aos participantes por megafonía, antes da saída, sobre dita prohibición, non exime ao Xuíz Árbitro da responsabilidade de advertir a cada corredor durante o transcurso da carreira de forma previa antes de proceder a súa descalificación. Transferido a outro ámbito como a marcha atlética, non se xustificaría ningunha descalificación dun atleta sen recibir os tres avisos previos no transcurso da competición, por moitas veces que se reitere por megafonía antes da proba as normas que deben cumprir os marchadores. Este argumento, por si mesmo, invalida a decisión dos Xuíz Árbitro de descalificar a 87 atletas pola aplicación incompleta da normativa 144.2.
2. Tal e como se indica no artigo 3 dos Estatutos *“A Federación Galega de Atletismo acata as Normas Xerais da RFEA relativas a fichaxes, participación, inscricións, reclamacións de carácter técnico de competición, e calquera outra de ámbito nacional, no que non se opoña ao disposto nos Estatutos”*. Nese sentido apreciase unha colisión entre a decisión do Xuíz Árbitro es as disposicións da Real Federación Española de Atletismo a través do seu Comité Nacional de Xuíces (circulares número 217/2008; 76/2010 e 100/2012), no que indica, en relación aos feitos analizados que, *“ante la imposibilidad de ser ecuanimes, NO se descalificará por este hecho”*. A ecuanimidad implica una actuación basada na imparcialidade e neutralidade e que non provoque discriminacións entre o resto dos participantes. A aplicación da normativa 144.2 da IAAF, probablemente sen precedentes no atletismo español polo alto número de descalificados, esixiría un despliegue de membros do Comité Galego de Xuíces moito maior da que actuou na Media Maratón de Vigo. Coa decisión adoptada ponse en dúbida o cumprimento do artigo 5º dos actuais estatutos da Federación Galega de Atletismo que indican que *“non establecerá ningún tipo de discriminación por (...) ou calquera outras circunstancias de natureza individual ou colectiva”*. O alto número



## Federación Galega de Atletismo

de descalificacións feitas precisaría da constitución dunha cámara de chamadas para o control individual de cada atleta. antes de pasar á zona de competición. Pero, unha vez que empece a competición, existen focos de observación moito mais relevantes que consumir o tempo en observar quén transporta un MP3, en lugar de comprobar, por exemplo, si os atletas desplazanse polo percorrido previsto.

Como reflexión final, chámase a atención sobre a necesidade de considerar o carácter e natureza de cada competición á hora de aplicar os regulamentos federativos. Calquera entende diferenzas entre un Campionato do Mundo da Media Maratón en relación a unha carreira eminentemente popular, inda que sexa oficial. No primeiro caso, todos os atletas son federados; no segundo, a meirande parte dos mesmos son populares. Na Media Maratón de Vigo, como sucede en todo o territorio español, déronse cita unha parte moi importante de corredores que inscribíense nestas manifestacións para consolidar hábitos saudables, recreativos, de relación social á marxe dos trazos competitivos. A interpretación das normativas federativas deben ter en conta esta realidade socio deportiva e saber discernir entre aspectos relevantes do control dunha carreira, doutros moito mais accesorios, no caso de practicantes populares, que son a meirande parte dos descalificados. En certo modo, a rigurosidade que tense que aplicar cun atleta federado, empezando pola posibilidade de ser sometido a un control de dopaxe, non pode compararse cun deportista popular, mesmo porque os seus rexistros tampouco serán incluídos no ranking federativo. Nesa liña enténdese e compártese con claridade o espírito dos acordos do Comité Nacional de Xuíces da Real Federación Española de Atletismo. Pero decisións como a adoptada nesta Media Maratón de Vigo, aparte de evidenciarse unha aplicación parcial do regulamento sen protexer os dereitos dos atletas, afástanse das directrices da Real Federación Española de Atletismo, compartida e defendida pola Federación Galega de Atletismo.



Julio Santiago Freijanes  
Xuíz Único ou de Competición

A Coruña, a 21 de Maio de 2013